



## INTRODUCCIÓN.

A crise sanitaria desatada a raíz do Coronavirus/COVID-19 e a paralización por mor do Estado de Alarma vixente de todas as actividades económicas non esenciais obrigou ás empresas adicadas ás artes escénicas a anular todas as representacións pactadas dende o 13 de marzo en adiante, polo momento, alén de calquera outra actividade (ensaios, estreas, actividades de formación...) que estaba a ser desenvolvida. O calendario e maneira na que as empresas do sector van poder volver operar son a día de hoxe absolutamente incertos.

O das artes escénicas profesionais é un sector especialmente fráxil e sensible, formado por pequenas empresas (PEMES) e profesionais autónomos/as, que na actual situación víronse na obriga de paralizar por completo a súa actividade económica, producindo enormes perdas que difícilmente serán recuperables.

A necesidade de manter as estruturas empresariais e garantir a futura supervivencia do sector e dos/das profesionais adicados a el lévanos, dende Escena Galega, a propoñer unha batería de medidas de carácter urxente, atendendo á situación actual e sen prexuízo de poder aumentar a protección e alcance das mesmas no caso de que esta se vexa agravada por futuros acontecementos.

Achegamos esta listaxe de propostas que traballamos dentro do marco competencial da Agadic e/ou da administración autonómica da Xunta de Galicia. Este documento sumou diversas achegas e propostas novas, e tamén un grao de concreción co o que consideramos este definitivo nesta primeira etapa de traballo. Organizamos o mesmo en 6 puntos que teñen que ver coas convocatorias de axudas en curso, a potenciación da distribución, o reforzamento da RGTA, a supervivencia das estruturas empresariais ou a promoción da actividade escénica profesional e o traballo cos públicos unha vez se retome a actividade nos espazos.

Así mesmo, este documento é transversal e integrador no referente ás distintas fases polas que atravesará o sector derivadas desta crise sanitaria, dende a actual de Estado de Alarma, cese de actividade obrigatoria e confinamento, pasando pola fase de desescalada e volta á actividade



económica e a de recuperación da actividade nos espazos nos termos que marquen as autoridades sanitarias.

## 1. SOBRE A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS Á CREACIÓN ESCÉNICA E AS COPRODUCCIÓNS CO CDG (CENTRO DRAMÁTICO GALEGO) E CCG (CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO)

**1-** As **compañías con axuda á creación escénica na convocatoria 2019** que, por mor da crise do Coronavirus/Covid-19, teñen suspendidas as estreas dos seus espectáculos deberán xustificar documentalmente que esa estrea efectivamente se ía realizar (contrato co espazo titular ou algunha outra proba documental)

Unha vez xustificada esta data de estrea, as compañías, aínda sen ter de facto feita a mesma nos prazos marcados, poderán proceder á xustificación da axuda concedida, nos termos detallados na mesma.

Unha vez xustificada correctamente a subvención a compañía poderá cobrar o 90% da axuda concedida.

O 10% restante queda supeditado á xustificación documental, nos termos que marca a convocatoria, das 8 funcións, que poderán celebrarse durante todo o ano 2020 ou, en todo caso, solicitamos a ampliación ou flexibilización do límite máis aló do 30 de setembro.

**2-** As **compañías que non rematasen o período de ensaios** e, polo tanto, non poidan xustificar a día de hoxe o 100% da axuda a creación escénica deberán poder xustificar o 80% do orzamento presentado podendo acceder ao abonamento do 70% da axuda (restando o anticipo xa cobrado, de ser o caso)

Unha vez que se realice a estrea da produción, e tras xustificar o 100% do orzamento presentado, poderán acceder ao abonamento do 20% da axuda.

Unha vez realizadas as 8 representacións poderán cobrar o 10% restante.



**3-** En canto ás **coproducións do CCG e CDG que tiveran que ser suspendidas**, solicitamos facilitar ao máximo o acceso á xustificación das mesmas nun marco parecido ao das axudas a creación escénica exposto anteriormente, aínda sen ter levado a cabo os termos das coproducións (estreas, número de funcións ata unha data límite, etc.)

**4-** Para as **axudas a creación escénica na convocatoria 2020** solicitamos incorporar unha adenda para facilitar o adianto do 70% nas axudas a produción e axilizar os procesos e a súa tramitación e resolución o máis posible.

## 2. AXUDA EXTRAORDINARIA PARA AS ARTES ESCÉNICAS NA RGTA (REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS)

Como consecuencia desta crise sanitaria numerosas empresas de artes escénicas viron paralizada a súa actividade de maneira drástica e total, así como todos os/as traballadores/as que dependían da actividade escénica: actores e actrices, técnicos, rexedores, xerentes de xira, distribuidores e todo o resto do persoal. É preciso e urxente que chegue liquidez a estas empresas para que poidan facer fronte aos pagos do persoal co que tiñan unha relación laboral. Tamén é preciso dotar ás empresas desa liquidez para poder manter abertas as estruturas, e que estas poidan facer fronte ao pago dos seus gastos fixos: alugueres de locais, asesorías, teléfono, internet....

Por todo isto cómpre que se convoque unha axuda extraordinaria para facer fronte a este drama de tantas traballadoras e traballadores e das propias empresas, tendo en conta que moitas das funcións perdidas serán dificilmente recuperables, polo colapso que se vai producir no último cuatrimestre do ano nas programacións escénicas dos espazos.

Propoñemos a convocatoria dunhas axudas extraordinarias para o sector coa finalidade de paliar as perdas económicas derivadas da cancelación das funcións dende que comezou o Estado de Alarma e ata a súa finalización.

Estas axudas teñen unha dobre finalidade:



**1-** A axuda aos traballadores e traballadoras destes espectáculos cancelados que pola natureza da profesión, a contratación por bolo, non se puideron acoller a ningunha medida anunciada polo goberno central.

**2-** A axuda ás estruturas empresariais e ao seu mantemento para evitar o peche.

Tomando como referencia as funcións anuladas dende o inicio do estado de alarma ata o 12 de abril (\*) establécense as seguintes axudas de maneira automática, coa obriga das empresas de adicar o 60% das mesmas ao pagamento de salarios de actores e actrices, técnicos e demais profesionais, quedando estes a disposición da empresa para realizar de maneira non presencial traballos que considere cada empresa: vídeos promocionais dos espectáculos, campañas de promoción das artes escénicas, etc.

Esta cantidade terá que ser xustificada mediante nómina, facturas e pagamentos á Seguridade Social. O restante 40% servirá como apoio ao mantemento da empresa e non terá que ser xustificado. As empresas acollidas a un ERTE poderán acceder ao 40% da axuda a apoio e mantemento e ao 60% do persoal eventual.

As axudas terán un orzamento aproximado de 200.000 €. Cada empresa poderá optar a un máximo de 7.000 € de axuda. No caso de que se prolongue o estado de alarma faríase un aumento no orzamento tendo en conta as seguintes funcións canceladas (e en consecuencia un aumento neste máximo por empresa) No caso de que aínda que cese o Estado de Alarma a actividade escénica non se restableza terá que ir revisándose ese orzamento, aportando novas cantidades para compensar todo ese primeiro semestre de perdas nas empresas.

(\*) Tomamos como referencia o día 12 de abril aínda que o Estado de Alarma foi xa aumentado ata mínimo o mes de maio. Tomando como referencia o día 12:

TOTAL ADXUDICADO ATA O 12 DE ABRIL: 200.000 €.\*

TOTAL DE EMPRESAS BENEFICIARIAS: Un mínimo de 28 empresas, aínda que facendo un cálculo das funcións suspendidas na Rede podería ser máis de 40. \*

\*Cálculos feitos sobre as funcións non realizadas dentro da RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios)



### 3. AXUDAS REACTIVA.

A interrupción de varios meses nos procesos de creación, produción ou distribución de espectáculos vai precisar dun investimento extra en moitas empresas que por exemplo se viron obrigadas a parar os ensaios das producións que ían estrear nesta tempada. Outras, recién estreados os espectáculos, verán pasar máis de 6 meses ata o momento no que poderán facer de novo funcións, polo que se requirirán novos recursos para poder aboar as nóminas dos actores e actrices, técnicos, directores e aluguer de espazos para os ensaios.

Por iso propónse unha axuda para un máximo de 5 días de ensaios, que poderán solicitar todas as compañías que precisen poñer a punto os seus espectáculos antes da volta aos teatros.

As compañías, unha vez solicitada e adxudicada a axuda, deberán xustificar eses ensaios coas nóminas dos actores e actrices (nos termos marcados polo Convenio Colectivo), nóminas de técnicos, director/a e recibos de aluguer de espazo de ensaio se fóra necesario.

Unha vez concedida a axuda, as empresas poderán solicitar o adianto do 60%.

Agadic subvencionará ás empresas co 80% do solicitado, o 20% restante correrá a cargo da compañía.

Para esta axuda solicítase unha cantidade de 90.000 €.

### 4. POTENCIACIÓN DA DISTRIBUCIÓN.

Co obxectivo de fortalecer ao sector despois desta grave interrupción da actividade solicítase dar os seguintes pasos:

**1-** Fortalecemento da RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios) no 2021 e do circuío Cultura no Camiño 2020 cun incremento dos orzamentos e tamén da porcentaxe que inxecta Agadic ás entidades locais para o desenvolvemento das programacións. Para o 2021 apoio ás compañías



galegas na RGTA cun incremento da axuda aos concellos aos que Agadic aportará, no caso das producións galegas, o 90% das funcións contratadas de circo e danza e o 80% das de teatro (para as funcións programadas grazas a este incremento orzamentario)

**2-**. Máxima flexibilidade na recolocación das funcións da RGTA, xa sexa en novos espazos (non adheridos á rede), programacións de verán, realización de funcións escolares ou mesmo adiando funcións para xaneiro ou febreiro de 2021.

**3-**. Apertura no menor tempo posible das axudas a distribución, eliminando os mínimos na modalidade de distribución exterior para este ano.

**4-**. Reenfoque do Xacobeo 2021 coas redes de programación da Agadic como instrumento principal de promoción das artes escénicas galegas.

## 5. TRABALLO COS PÚBLICOS.

A volta á normalidade na programación e nos espazos escénicos será un proceso lento, gradual e que debemos afrontar cunha estratexia de reactivación para a que propoñemos:

**1-**. Forte campaña de promoción das artes escénicas galegas en todos os niveis (autonómico, provincial e local), con presenza online e offline, e reforzada nos medios de comunicación públicos (CRTVG)

**2-**. Creación dun cartón cultural da RGTA para fomentar o acceso á programación a mozos e mozas, persoas maiores de 65 anos e persoas en risco de exclusión social.

**3-**. Garantir ao público a seguridade dos espazos en canto a desinfección e limpeza, creando e visibilizando uns protocolos e unhas normas de hixiene para que o público asuma os teatros como espazos seguros.



## 6. AXUDA EXTRAORDINARIA PARA EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS AFECTADAS NA SÚA ESTRUTURA POLA CRISE DO CORONAVIRUS/COVID19.

### **XUSTIFICACIÓN E OBXECTO DA PROPOSTA:**

Os teatros foron dos primeiros espazos en ter que pechar pola ameaza do Covid 19 e serán, previsiblemente, dos últimos en volver abrir ao público e operar en condicións de normalidade. É por isto que é necesario buscar alternativas e analizar fórmulas que permitan traballar ás empresas durante os meses de parada, para que as compañías de artes escénicas profesionais non se vexan abocadas ao peche, e con elas a perda de emprego derivada da súa capacidade de contratación (actores/actrices, equipos técnicos...)

Probablemente o Estado de Alarma que conleva o cese obrigatorio de actividade remate a mediados de maio, mais todos os cálculos sitúan a apertura dos teatros ao público, nas previsións máis optimistas, para mediados ou finais do mes de setembro. Solicitamos á Agadic e á Consellería de Cultura e Turismo unha convocatoria de axuda extraordinaria para o período de paralización de actividade (meses) que posibilite ás empresas a súa supervivencia.

Esta axuda extraordinaria podería xustificarse cun amplo abano de posibilidades, accións que, paralelamente, conlevarían un traballo no ámbito online para facilitar e visibilizar os traballos á cidadanía.

### **POSIBLES ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- **ENSAIOS.** As compañías que estaban a piques de estrear poderían adicar parte deste tempo a continuar cos ensaios e mellorar as súas producións. Para estes ensaios poderíanse utilizar espazos públicos ou salas privadas que xustificarian desta maneira parte da axuda a salas concedida.

Aquelas compañías que estrearan hai pouco tamén requirirían novos recursos para poñer os espectáculos a punto e pagar as nóminas dos actores, actrices, equipo técnico, directores/as e do aluguer dos espazos destinados a ensaio.

Este proceso de ensaios iría acompañado da creación de novos contidos para visibilizar no ámbito online o traballo que se está a realizar.



**Exemplos:** Entrevista co director/a do espectáculo, coa escenógrafa/o, con algunha actriz. Amosar como se constrúe a escenografía, que nos conta o dramaturgo/a sobre o texto que escribiu, amosarnos pequenos anacos dos ensaios... Todo este material estaría a disposición da cidadanía nas redes sociais da compañía coa posibilidade tamén de visibilizalo nunha páxina que crearía a Consellería para facilitar todos estes contidos ao público, conseguindo que nestes seis meses non se perda esa canle de comunicación tan importante entre o público e os creadores/as. Consideramos ademais prioritario que dende a CRTVG se traballe de maneira específica na promoción do tecido cultural galego, neste caso facéndose eco destas creacións, informando á cidadanía das propostas que chegarán aos palcos unha vez remate este proceso.

Aquelas compañías con axudas a produción, aínda sen estrear poderían orzamentar este aumento de ensaios e novos contidos a maiores da axuda concedida.

As compañías que produzan nestes meses sen axuda de Agadic poderían xustificar ensaios, dietas, alugueres e outros gastos normalmente susceptibles de ser xustificados nas axudas a produción.

As compañías que soliciten axuda (e se lles conceda) a produción en 2020 deberán descontar desta axuda extraordinaria os meses de ensaio que coincidan con este intervalo de parada da actividade.

- **GRAVACIÓN DE ESPECTÁCULOS.** As compañías poderían solicitar os espazos escénicos para facer pases dos espectáculos e posteriormente realizar unha gravación da peza. Con esta gravación completa as compañías poderían participar en novas programacións online.

**Exemplos:**

1. O Salón Teatro podería ter unha programación extraordinaria online. Por exemplo, todos os xoves ás 20:00 h o público podería ver un espectáculo dunha compañía galega, ao remate do visionado do espectáculo, os actores e actrices farían un coloquio co público que podería participar dende as súas casas. Para este tipo de funcións online as compañías deberían estipular uns cachés e pagar igualmente aos actores e actrices.





2. Os concellos poderían facer programacións extraordinarias asociadas a actividades paralelas. Por exemplo, unha compañía de monicreques pode levar a cabo unha representación online do seu espectáculo, esta representación vai asociada a un caderno con actividades a realizar en familia que o público podería recoller nos comercios locais, no concello, ou en calquera espazo que considere de interese.
  3. A TVG podería ter unha programación especial de artes escénicas galegas, programando espectáculos para infancia, danza, teatro de adultos, novo circo... Pactando uns cachés coas compañías, que á súa vez pagarían aos actores e actrices por estas emisións do seu traballo. Estas programacións específicas non sería necesariamente de espectáculos actuais, consideramos interesante tamén lembrar montaxes que tiveran repercusión no seu momento, co equipo do espectáculo participando da actividade sobre o desenvolvemento do proxecto, o proceso de ensaios, a xira e vida da peza nos teatros...
  4. As Deputacións Provinciais poderían amosar tamén o traballo das compañías de teatro, danza e novo circo da súa provincia. Poderíanse enfocar estes traballos poñendo en valor espazos culturais singulares. Por exemplo, unha compañía de danza amosando online o traballo que se fai no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e compartindo pequenas pezas que se gravarían en diferentes espazos do teatro, (re)descubriendo desta maneira para o público os espazos escénicos dende outra perspectiva.
- **CREACIÓNS ESPECÍFICAS ONLINE / RADIO.** Aquelas compañías que o consideren, poderían crear pezas curtas para poder difundir na plataforma antes mencionada. Outra opción sería a creación de pequenas pezas ao estilo do microteatro que se poidan ver en directo nas redes. Así mesmo poderíanse crear pezas de teatro radiofónico en colaboración coa Radio Galega.



- **MELLORA E CREACIÓN DE ELEMENTOS DE DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E PUBLICIDADE.** Creación e elaboración de elementos que contribúan a que, unha vez pase esta crise, o público regrese aos teatros, incidindo na promoción das artes escénicas profesionais galegas. Por exemplo, mellora de cartelería e publicidade, vídeos promocionais, creación de unidades didácticas, mellora de sitio web e do traballo de difusión en redes sociais.
- **ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DE NOVOS PÚBLICOS.** Unha vez regrese o alumnado aos centros de ensino poderíanse implementar accións de mediación, nas que os actores, actrices, dramaturgos/as, etc.. visitasen os centros e realizasen actividades de achegamento das artes escénicas á escola. Estas actividades terán unha continuidade unha vez se abran os teatros, ben con funcións escolares ou con programacións habituais das que o alumnado poderá participar activamente.
- **CICLOS ESCÉNICOS DE VERÁN.** En colaboración cos Concellos interesados poderíanse programar ciclos ao aire libre. Estas funcións deberían realizarse preferiblemente á noite, en espazos coidados, montando un escenario e limitando o aforo, mesmo poñendo unha distancia adecuada entre cadeiras para garantir a seguridade. As compañías poderían xustificar unha parte do caché destas funcións coa axuda concedida, outra parte correspondería ao Concello. Ao mesmo tempo, estas programacións poderían ser complementadas con funcións adiadas por causa do Estado de Alarma, desconxestionando desta maneira a programación dos últimos meses do ano.

#### **PARTIDA ECONÓMICA:**

Cada compañía poderá acceder a estas axudas por unha cantidade que se calculará sobre a media de facturación mensual tendo en conta os últimos dous anos (2018 e 2019) Concederáse como máximo o 40% da cantidade resultante do cálculo medio de facturación, cun tope por compañía de 8.000 € / mes.

Por exemplo, para unha empresa que facturase 75.000 € en 2018 e 80.000 € en 2019 a media de facturación mensual sería de 6.458,33 €. A cantidade máxima que se lle concedería sería 2.583,33 € x 5 meses (de maio a setembro), un total de 12.916,65 €.

(\* ) Para aquelas empresas de recente creación o cálculo realizaríase sobre a facturación media dende a data da estrea do primeiro espectáculo ao inicio do Estado de Alarma.



**OUTRAS ESPECIFICACIÓNS:**

Como se pode comprobar, esta axuda pretende facilitar unha fonte de ingresos e acceso a liquidez ás estruturas das empresas, tendo en conta estas tamén como xeradoras de emprego para actores, actrices e o resto do persoal durante esta crise que impedirá traballar nos espazos escénicos e amosar os espectáculos ao público. Grazas a estas axudas as empresas poderán artellar diferentes estratexias de resistencia durante estes meses, e afonda na importancia de innovar e explorar novas fontes de ingresos e liñas de traballo en colaboración coas institucións (Xunta de Galicia, Deputacións, Concellos...) Ao mesmo tempo esta proposta pretende servir como canle de intercambio e visibilización dos creadores/as e a cidadanía neste período de incerteza, favorecendo unha volta aos palcos dunha maneira máis naturalizada froito dun traballo previo cos públicos.